

# A MOCIDADE ACTIVA POR UNHA LINGUA VIVA



ORGANIZAN:

correlingua  2025

 ENSINO

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

 as.pg ASOCIACIÓN GALIÇA DE PROMOCIÓN GALEGA

COLABORAN:

 Deputación DA CORUÑA

 DEPUTACIÓN DE LUGO  Cultura

 DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

 Concello da Coruña

 Concello de Lugo Área de Cultura, Turismo e Promoción da Región

 Concello de OURENSE

 Concello de Pontevedra

 CONCELLO DE VIGO

 CONCELLO DE SANTIAGO

 FERROL

 N5S Oposicións



**Lema Correlingua 2025: A mocidade activa por unha lingua viva!**

**Edición nº 25**

**Cartel realizado pola ilustradora Xulia Pisón**

## **Calendario das Festas Correlingua**

### **Maio de 2025**

**martes 6 A Coruña**

**mércores 7 Cangas**

**mércores 7 Monforte**

**xoves 8 Compostela**

**xoves 9 Vigo**

**martes 20 Mondoñedo**

**mércores 21 Ourense**

**mércores 21 A Estrada**

**martes 27 Ferrol**

**mércores 28 Lugo**

**xoves 29 Pontevedra**

**Para asistir ás festas os centros teñen que cubrir a folla de inscrición na web do Correlingua.  
O prazo de inscrición remata o 25 de abril.**



## **MANIFESTO CORRELINGUA 2025**

### **A mocidade activa por unha lingua viva!**

A mocidade galega sae á rúa hoxe para demostrar á cidadanía que temos a forza e a determinación para defender o futuro da lingua. Porque somos unha mocidade comprometida. E nas nosas mans está manter o galego vivo. Por iso queremos deixar claro que o galego resistirá grazas a...

### **Unha mocidade activa por unha lingua viva!**

Sabemos que o galego é un tesouro que nos legaron aquelas persoas que, antes que nós, saíron á rúa coa lingua por bandeira. Aquelas persoas que conseguiron que o galego chegase aos xornais, ás radios e televisións, á escola e ás administracións. Grazas a esa xente podemos hoxe estudar na nosa lingua e falala en calquera circunstancia. Polas xeracións que non a deixaron morrer, nós tamén seremos...

### **Unha mocidade activa por unha lingua viva!**

A nosa lingua é grande. Nela créase cultura que nos fai sentir orgullo da nosa lingua e de quen a fala: cine, música e libros que levan recoñecementos máis alá das nosas fronteiras. Porque non hai nada que non poidamos expresar nela, e porque sabemos que en galego podemos crear un mundo, dicimos ben claro que aquí está...

### **Unha mocidade activa por unha lingua viva!**

Porque podemos vivir en galego, porque coñecer unha lingua sempre nos fai mellores, porque o galego acolle a quen se achega a el e porque queremos poder ser na lingua que herdamos... por todo iso reafirmamos que o futuro é...

### **Unha mocidade activa, por unha lingua viva!**

Nós podemos facelo! Confiade na xente nova! Habemos levar a lingua con nós e falala con fachenda, porque sabemos que sería absurdo perder a oportunidade que nos brinda o galego de chegar máis alá! Por iso, o galego permanece sementado en nós. Non teñades medos nin reparos en falalo, porque o galego falado é o galego vivo e nós queremos....

### **A mocidade activa por unha lingua viva!**

*Este manifesto é o resultado dos obradoiros **Desata a lingua** celebrados no 2024 nos que participaron alumnas e alumnos do IES Arzobispo Xelmírez II, IES Alfredo Brañas, IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, IES Fonmiñá, IES Val do Asma, IES San Rosendo, IES Perdouro, IES 12 de outubro, IES San Mamede, IES A Guía, CPR Labor. Os obradoiros foron impartidos polas escritoras María Lado, Ana Carreira e Lucía Aldao.*



## **O Correlingua ten actividades todo o ano nas que pode participar o alumnado:**

### **Lema!**

Cada ano os centros participan propoñendo o lema do Correlingua. Este ano, no último trimestre de 2024 participaron moitos centros de todo o país e enviaron 29 propostas. O lema gañador A mocidade activa por unha lingua viva! Foi unha proposta do alumnado do IES Breame de Pontedeume.

### **Regueifando!**

#### **Faremos unha gran regueifa colectiva.**

Enviámos un tutorial, crean e gravan 3 coplas na aula e mándase ao seguinte centro para que o continue. Ao final editamos un vídeo con todas as regueifas dos grupos participantes. Na edición do 2024 participaron 19 grupos doutros tantos centros de ensino de toda Galiza.

Este é o resultado: <https://www.youtube.com/watchv=dwV6wWBZErY>

Dende xaneiro hai aulas traballando a Regueifa e creando coplas

### **Desata a lingua**

Obradoiros de escrita creativa impartidos por escritoras en aulas de 1º e 2º da ESO

Desde hai xa dúas edicións comezamos con estes obradoiros coa intención de elaborar un manifesto colectivo. O manifesto desta edición é o resultado dese traballo feito nos centros no último trimestre do 2023.

**Os obradoiros que se farán no último trimestre do 2025 darán como resultado o manifesto do Correlingua 2026.**

### **Crealingua**

#### **Concurso libre de creación artística en galego.**

O Crealingua é unha ventá aberta ao idioma, agardamos aire fresco das aulas en forma de Banda Deseñada, Tik Tok, vídeo, blog e toda aquela produción feita polo alumnado.

### **Cantalingua**

#### **Concurso de música en galego.**

Os grupos musicales que queiran participar envían **unha canción en galego.**

**Os grupos gañadores serán os que animen todas as Festas do Correlingua 2025.**



## **ENTIDADES COLABORADORAS**

### **ENTIDADE ORGANIZADORA: A CIG - Ensino**

Coa colaboración de A Mesa pola normalización Lingüística e a AS-PG

### **ENTIDADES PATROCINADORAS a través de convenios:**

Deputacións da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

Concellos da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol

**Outros concellos que fan achegas** por celebrarse alí as festas ou que facilitan o traslado do alumnado aos concellos de celebración como Bueu, Moaña, Cangas, A Estrada, San Sadurniño, Fene, Narón Mondoñedo...

**Entidades privadas:** Academia, Nós Oposicións, Eroski